




HISTORIAS FANTÁSTICAS



facía por eses rapaces que non poden xogar por falta de cartos, así que, aceptou.

Cando chegaron ao laboratorio, meteuno nunha sala escura. A máquina comezou a "furrular" e, cando marcou o número de clons, en vez de saír dez saíron vinte.

Dentro duns meses, os equipos de clons eran un éxito. Xa estaban clasificados para todos os campionatos do mundo; pero había varios defectos, o Real Madrid veuse abaixo, mentres que o equipo dos Súper Galegos(O do científico) seguía na cabeza. O Barcelona tamén perdeu contra os Súper Galegos e o Sevilla, deportivo etc.

Casillas, que agora era un vagabundo, vivía debaixo dunha ponte porque non tiña casa, os clons fixéronse pasar por el e quitáronlle todo. Casillas decidiu poñer fin a todo isto e foi chamar aos mellores xogadores para falar con eles e dicirlles que lle devolveran os seus fans.

Foron falar con el e Alexandre dixo que desconectaría os clons, agora só hai un único e verdadeiro Iker Casillas, o meu ídolo.

ÁNGELES SANTOS IGLESIAS 1º B DA ESO

A FADA DO 10

Había unha vez un rapaz que estaba moi preocupado porque ao día seguinte tiña un exame e non estudara.

Cando chegou á súa casa púxose a estudar ata que quedou durmido ás doce. Aparecéuselle unha fada nos seus soños que lle dixo todas as respostas do exame. Era a fada do 10.

Ao día seguinte, o rapaz sacou un 10 no exame. Contoulle ao seu mellor amigo o que lle sucedera, pero el non llo cría. O rapaz estaba á vez contento e triste, porque ninguén lle cría o que contaba ata que lles sucedeu o mesmo a todos os rapaces do seu colexio, e todos sacaban 10 nos exames. Era o colexio que sacaba mellores notas.

ALBA SEOANE SUÁREZ, S1D

O BOSQUE MISTERIOSO

Un día, tres compañeiras foron dar unha volta ao chamado "bosque misterioso", do que dicían moitas cousas raras.

Saíron pola mañá cedo e chegaron moi contentas cantando cancións. Dispuxéronse a comer e sacaron os "bocatas". Comeron escoitando unha radio portátil que tiñan na súa casa.

Xogaron e correron toda a tarde. Chamaron aos seus pais para dicirlles que o estaban pasando moi ben. Pero a noite chegou, e o terror tamén, aí si que foi cando tiveron medo.

Montaron a tenda de campaña, metéronse dentro, cearon... E cando estaban alí viron moitas, moitas sombras e tamén ruídos. Ao fin saíron e viron que as sombras eran as árbores e os ruídos do vento movendo as pólas.

Pasou a noite e ao día seguinte marcharon, todo era unha farsa, nese bosque non había ningunha cousa estraña.

PATRICIA SOUTO BLANCO, S1D

O MISTERIO





HISTORIAS FANTÁSTICAS



O outro día, Luísa e mais eu fomos dar unha volta. Cando xa levabamos andado varias horas, descubrimos aquela cova no monte. Dubidamos un pouco antes de entrar, pois oímos uns ruídos moi estraños e estaba todo escuro. Houbo un intre no que os ruídos se pararon, pero pronto volveron. Canto máis nos achegabamos, os ruídos eran máis fortes e raros. Cando estabamos chegando ao fondo, encontramos varias caveiras, esqueletos, teas de araña, arañas e incluso algún rato. Estivemos a piques de saír correndo porque tiñamos medo, pero seguimos adiante. Ao chegar ao fondo, había moitas candeas e, do susto e cos berros, desmaiámonos; ao reaccionar, desaparecera todo, e desde entón esa cova é un misterio para nós.

SAMIRA NICOLE CABO MAGONIN, S1D

Intres

56

Xuño 2007

O SOÑO REAL DE MARÍA

Era unha vez unha nena, María, á que lle gustaban moito as bolboretas. Sempre soñou con ser a dona de todas elas.

Unha noite, estaba durmindo e tivo un soño: unha nena chamada María andaba por un prado. Ela estaba soñando, pero non lle importaba, porque estaba con Millóns de bolboretas. Unha delas preguntoulle se quería ir dar un paseo voando con elas. María contestoulle:

- Eu quería ir, pero non sei voar.

As bolboretas engadiron:

- Inténtao, a ver se podes.

María intentouno e si que podía voar. Estaba soñando, pero para ela era real. Despois de vivir grandes aventuras espertou moi contenta.

Dende aquela María escribe un diario no que conta as súas aventuras; aventuras que nos seus soños eran reais.

CRISTINA CONDE ROCA, S1D

UN RAPAZ ETRAÑO

Era o primeiro día de clase cando a profesora nos dixo que tiñamos un compañeiro novo. Que ben!- pensei eu.

Sorpresa cando entrou pola porta, pois era un rapaz que parecía doutra galaxia, pódese dicir que era a metade rapaz e a metade rapaza.

Tiña na metade do corpo o pelo longo con trenzas, saía

e uns preciosos zapatíños rosas. Na outra metade tiña o pelo curto e de punta, con pantalóns vaqueiros e camisa a cadros.

Eu pensei que era un rapaz "macarra" e que non lle caía ben a ninguén, pero co paso do tempo fun coñecendo a súa forma de ser e resultou ser amable, agradable, educado, modesto, sensible, cariñoso... Deime conta que non se pode xulgar a xente pola súa aparencia física, pero comprenderedes que con esas pintas...

Aínda así, quedoume unha dúbida: era un rapaz ou unha rapaza? ou quizais un trasno?

PATRICIA ROCA FERNÁNDEZ, S1B